

Expte: 2239/232
Ret: 19 XAN 2024

CONCELLO
DE VIGO



Exp. 41055/220

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE OFICIAL FERREIRA/O, EN RÉXIME LABORAL, DERIVADO DA EXECUCIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE VIGO 2017-2018-2019 (3ª FASE)

ANUNCIO: RESOLUCIÓN DA RECLAMACIÓN PRESENTADA AO 2º EXERCICIO, PUNTUACIÓNS DO 3º EXERCICIO (EXENTOS), PUNTUACIÓNS TOTAIS E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

ACORDO RECLAMACIÓN AO 2º EXERCICIO PRÁCTICO, OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

O órgano de selección, en sesión do 14.12.2023, acordou o seguinte en relación coa reclamación presentada ao 2º exercicio, obrigatorio e eliminatorio, do proceso selectivo:

Aspirante	Díaz Álvarez, P
Data de presentación	15.11.2023
Cod.Sol.:	W996465-1648

Motivo da reclamación: o aspirante manifesta que a proba está fóra do temario pois a simboloxía ou especificacións sobre plano non forman parte, segundo afirma, de tema ningún. Ademais, afirma que os electrodos facilitados para a execución da proba non estaban ben conservados dada a humidade ambiental, e que os medios de marcado postos á disposición dos aspirantes non eran os adecuados (tiza dun centímetro de grosor e rotulador de punta grosa). Solicita que non se teñan en conta os puntos correspondentes á simboloxía da soldadura e que eses puntos se repartan entre os aspectos restantes.

ACORDO:

I. Normativa examinada

- Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego público de Galicia
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- Bases xerais e específicas publicadas no BOP de Pontevedra de datas 20.09.2022, 07.07.2020 e 07.12.2022.
- Demais de aplicación

II. Vistos os fundamentos da reclamación presentada e os termos do solicitado, seguidamente se analizan de forma individualizada as razóns dadas polo aspirante para motivar a súa reclamación.

1. As indicacións sobre plano (simboloxía) non se axustan ao temario

Nas bases específicas do presente proceso selectivo (BOP de Pontevedra número 180 do 20.09.2022) establécese que o segundo exercicio de carácter práctico, obrigatorio e eliminatorio, *consistirá en resolver un ou varios supostos prácticos ou realizar as tarefas que proporá o órgano de selección, relacionadas coas materias obxecto do temario específico, no prazo que establecido polo órgano de selección en función da natureza da proba.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/12/2023 11:57	Páxina 1 de 4
230411037	CSV: AHA535-EDCE3C-EA2A83-XXC2GN-BWDWXZ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



No presente proceso o dito exercicio práctico consistiu nunha proba de soldadura, consonte ao programa específico e ás tarefas propias da praza que se convoca. Non existe dúbida, xa que logo, da adecuación deste exercicio ás bases específicas da convocatoria.

Para a realización dunha soldadura en xeral, e deste exercicio en particular, é necesario facilitar ás persoas aspirantes os parámetros técnicos que debe cumprir a encomenda, isto é, debe poñerse a súa disposición a información necesaria para que podan coñecer a peza a soldar. O habitual é que esta información se facilite mediante croquis ou plano, aínda que tamén podería o órgano de selección ter subministrado verbalmente tales parámetros aos aspirantes. No suposto que nos ocupa, optouse por facilitar unha folla co contido do exercicio e un plano coa información técnica, de xeito que os aspirantes poderan comprobar en todo momento ás especificacións técnicas dadas (medidas, ángulo, cordón, etc.). O plano entregado aos aspirantes contén esa información e lles permite coñecer, dunha forma doada, o traballo que teñen que executar. A lectura dun plano como o entregado entra dentro das competencias que debe manexar un/ha soldador/a e está implícita nos coñecementos que debe ter adquiridos, do mesmo xeito que debe saber medir e usar instrumentos de medida (como un metro ou unha regra) sen necesidade de que esas operacións teñan que formar parte do temario. O proceso de comprensión da peza que se lle está pedindo ten que telo adquirido o/a soldador/a, sobre todo en supostos como o que nos ocupa, no que o plano confeccionado non ofrece dificultade ningunha de lectura nin contén simboloxías nin grafismos infrecuentes ou de dubidosa interpretación.

Cómpre apuntar tamén que ao agora reclamente deúselle a oportunidade, ao igual que aos demais, de plantexar as dúbidas que lle ofrecera o exercicio facilitado, sen que realizara pregunta ningunha relativa á peza que tiña que executar.

Doutra banda, o temario específico contén os seguintes temas:

Tema 1. Unións soldadas e técnicas de soldeo. Tipos de unións e soldaduras. Preparación de soldaduras. Terminoloxía. Posición e técnicas de soldeo.

Pois ben, como se expuso, as soldaduras deben prepararse de acordo coas especificacións técnicas que figuran, ordinariamente, nun plano. É habitual e común que os manuais de soldadura ilustren con planos as unións soldadas.

Tema 3. Procesos de corte e resanado. Clasificación e definicións. Corte e resanado con gas. Corte e resanado con plasma.

Igualmente para realizar o proceso de corte será necesario seguir as especificacións técnicas contidas, ordinariamente, nun plano.

2. Inadecuado estado de conservación dos electrodos

A respecto do estado dos electrodos, cómpre salientar que a caixa cos electrodos empregados polas persoas aspirantes, foi aberta polos membros do órgano de selección en presenza do asesor especialista nomeado para o seu asesoramento, inmediatamente antes do inicio da proba. A caixa atopábase pechada e plastificada e os electrodos en perfecto estado para ser utilizados.

3. Inadecuación do material para o marcado

Os medios de trazado foron os mesmos para todos os aspirantes e son os habituais no desempeño das funcións propias da praza convocada. Con todo, cómpre apuntar que para a execución do corte, as persoas aspirantes tiñan a súa disposición unha tronzadora de guillotina, ferramenta que o reclamante non empregou, malia a maior precisión de corte que ofrece a dita ferramenta.

4. Eliminación da puntuación de calquera apartado correspondente á simboloxía da soldadura ou repetición do exercicio no caso de supoñer máis de dous puntos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/12/2023 11:57	Páxina 2 de 4
230411037	CSV: AHA535-EDCE3C-EA2A83-XXC2GN-BWDWXZ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



A peza a soldar é a que figura no exercicio entregado, coas especificacións técnicas que figuran nel e para a súa valoración, segundo as instrucións facilitadas, os aspirantes debían cortar e preparar os materiais, as máquinas cos parámetros correctos, cumprir as normas de seguridade e hixiene e non marcar coa amoladora a peza. A soldadura executada, xa que logo, debe responder a estas especificacións pois, na práctica, o obxecto da soldadura é unir pezas metálicas non de calquera maneira senón segundo uns parámetros e obter unha soldadura sen defectos.

Por todo o anterior, desestímase a reclamación presentada.

Contra a desestimación da reclamación indicada, poderase interpoñer recurso de alzada ante o órgano que designou ao órgano de selección (Xunta de Goberno Local) no prazo dun mes contado a partir do seguinte a súa notificación ou publicación.

PUNTUACIÓNS DO TERCEIRO EXERCICIO – exentos* (CELGA 3)

APELIDOS, NOME	TERCEIRO EXERCICIO (exentos) – 2 puntos CELGA 3 ou equivalente
CAYETANO BLANCO, P. J.	2
DIAZ ALVAREZ, P.	2
ROSAS FERNANDEZ, J.	2

*Todos os aspirantes acreditan estar en posesión de título superior ao CELGA 3 ou equivalente

PUNTUACIÓNS FINAIS

APELIDOS, NOME	1º EXERCICIO	2º EXERCICIO	3º EXERCICIO - EXENTOS (CELGA 3)	TOTAL
CAYETANO BLANCO, P. J.	5,50	6	2	13,5
DIAZ ALVAREZ, P.	6,33	7	2	15,33
ROSAS FERNANDEZ, J.	7	8	2	17

PROPOSTA DE NOMEAMENTO

En atención ás puntuacións obtidas polos aspirantes, o órgano de selección acorda, en cumprimento da base xeral 8.4.6 (BOP de Pontevedra número 128 do 07.07.2020) que establece que o dito órgano non poderá declarar que superou o proceso selectivo un número maior de aspirantes que o de prazas convocadas, declarar que o aspirante que superou o proceso selectivo é D. J. Rosas Fernández, con DNI: ***1625** e propón a súa contratación como persoal laboral para a praza de Oficial Ferreirero/a, á que accede pola quenda libre, derivada da oferta de emprego público do Concello de Vigo 2017-2018-2019 (3ª Fase). Este acordo será elevado ao órgano competente para a aprobación da proposta (Xunta de Goberno Local – base xeral décimo terceira (BOP de Pontevedra número 128 do 07.07.2020).

DECLARACIÓN DE CANDIDATOS, SEN PROPOSTA DE NOMEAMENTO, QUE SUPERARON TODAS AS PRBAS

Considerando que os aspirantes D. P. J. Cayetano Blanco, con DNI: ***1276** e D. P. Díaz Álvarez, con DNI: ***2476**, superaron todas as probas do proceso selectivo, en base ao establecido na base "Disposicións Comúns" das xerais (BOP de Pontevedra número 128 do 07.07.2020), acorda comunicar á Xunta de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/12/2023 11:57	Páxina 3 de 4
230411037	CSV: AHA535-EDCE3C-EA2A83-XXC2GN-BWDWXZ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Goberno Local que os ditos candidatos reúnen os requisitos establecidos na nomeada base para formar parte de listas de substitucións aos efectos de ser contratados en réxime de persoal laboral, de ser o caso, nos termos do establecido nos criterios de aplicación ás listas de reserva do Concello de Vigo e concordante normativa de aplicación.

Vigo, na data da sinatura electrónica.

A secretaria do órgano de selección
Lorena López Rodríguez

DILIGENCIA: Para hacer constar que el presente edicto estuvo expuesto en el Tablón oficial de anuncios de este Ayuntamiento, durante el plazo reglamentario.

Vigo, 19-01-2024
El Secretario General
P.A.
El Jefe del Registro General.

Jose Manuel González Ucha



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/12/2023 11:57	Páxina 4 de 4
230411037	CSV: AHA535-EDCE3C-EA2A83-XXC2GN-BWDWXZ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		